



RESOLUCIÓN DE LA ALCALDIA

Sr. Alcalde Presidente

D. Alberto Varela Paz

Visto o expediente incoado para a contratación mediante procedemento aberto simplificado, con tramitación ordinaria, a través da Plataforma de Contratos do Sector Público para adxudicar o contrato de obras denominado “FORMACIÓN DE RUTA DE ACCESO PEONIL A BERDÓN. VILAGARCÍA DE AROUSA”, cofinanciadas pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) — GDR 17 GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL SALNÉS-ULLA-UMIA”

O prego de cláusulas administrativas correspondente foi elaborado de conformidade co establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 214/23/UE e 214/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, sendo emitidos informes pola Secretaría Xeral, de data 15 de xuño de 2020 e Interventora Municipal, de data 25 de xuño de 2020.

Tendo en conta, que o expediente de contratación foi completado e, de acordo cos artigos 117.1 e 122 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público e o disposto polo artigo 21 da Lei 7/1985 de Bases do Réxime Local,

RESOLVO

1. Aprobar o expediente de contratación mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria do contrato de obras denominado “**FORMACIÓN DE RUTA DE ACCESO PEONIL A BERDÓN. VILAGARCÍA DE AROUSA**”, cofinanciadas pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) — GDR 17 GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL SALNÉS ULLA-UMIA, que se licitará mediante os servizos de licitación electrónica da Plataforma de Contratación do Sector Público.
2. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas e os seus anexos, que rexerán as relacións entre as partes do contrato.
3. Autorizar o gasto por un importe de 73.321,87 € (setenta e tres mil trescentos vinte e un euros con oitenta e sete céntimos), con cargo o aplicación orzamentaria 454-619 do vixente orzamento municipal coa seguinte distribución:

Aplic. Orz	2020	TOTAL
454-619	73.321,87	73.321,87
TOTAL	73.321,87	73.321,87

- 4.- Dispoñer da apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, a través dos servizos de licitación da Plataforma de Contratos do Sector Público.

Así o manda e asina o Sr. Alcalde á data da sinatura electrónica.

